

REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO
DO CONSELLO GALEGO DE MEDIO AMBIENTE E
DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

TITULO I

DA NATUREZA, COMPOSICIÓN E CONSTITUCIÓN DO CONSELLO GALEGO DE MEDIO
AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

Artigo 1.- Natureza xurídica

O Consello Galego do Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible é o órgano consultivo da Administración Ambiental de Galicia, e ten como fin dar cumprimento ó principio de participación pública e establecer unha canle de colaboración dos estamentos interesados da sociedade e da comunidade científica, servindo de foro de debate da problemática da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 2.- Réxime xurídico

A organización e funcionamento do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible rexerase polo Decreto 74/2006, do 30 de marzo, e polo presente Regulamento.

En todo o non previsto nas citadas disposicións, estarase ó disposto respecto ós Órganos colexiados , no Capítulo II do Título II da Lei 30(1992, de 26 de novembro , de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Artigo 3.- Sede

O Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible terá a súa sede en Santiago de Compostela, San Lázaro s/n, podendo celebrarse sesións plenarias no lugar que se especificará na convocatoria.

Artigo 4.- Composición.

O Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, terá a composición establecida no artigo 3º do Decreto 74/2006

Artigo 5.- Duración do mandato

O mandato dos membros do Consello será ata que sexa revocado polo cesamento no seu posto pola organización o institución, da que o membro é representante.

TITULO II **DOS MEMBROS DO CONSELLO.**

Artigo 6.- Dereitos

Os membros do Consello, que actuarán no exercicio das súas funcións con plena autonomía e independencia, teñen dereito a:

- a) Participar con voz e con voto nas sesións do Pleno e das Comisións de Traballo de que formen parte*
- b) Asistir ás reunións de calquera das Comisións de Traballo nos que non estean integrados, podendo facer uso da palabra, previa autorización do Presidente da Comisión de Traballo*
- c) Acceder á documentación que obre en poder da Secretaría do Consello*
- d) Dispoñer da información dos temas ou estudos que desenvolvan o Pleno ou as Comisións de Traballo dos que formen parte e a daquelas outras Comisións que expresamente soliciten a través da Secretaría do Consello.*
- e) Presentar mocións e suxestións para a adopción de acordos polo Pleno ou para o seu estudio nas Comisións de Traballo.*

Artigo 7.- Deberes

Os membros do Consello teñen o deber de:

- a) Asistir ás sesións do Pleno e das Comisións de Traballo ós que fosen convocados, e participar nos seus traballos. No caso de non poder asistir deberá facelo saber ó seu suplente coa debida antelación.*
- b) Adecuar a súa conduta ó presente Regulamento e ás directrices e instrucións que, no seu desenvolvemento, dite o propio Consello*
- c) Gardar reserva en relación coas actuacións do Consello que, por decisión dos seus órganos, se declaren reservadas*
- d) Non facer uso da súa condición de membro do Consello para o exercicio de actividades profesionais, mercantís ou industriais*

Artigo 8.- Percepcións económicas.

A pretenza ó Consello dará lugar á percepción de indemnizacións por asistencia e gastos de desprazamento no caso de membros do Consello que teñan que desprazarse dende localidades distintas á do lugar no que se celebren as reunións. Ós efectos das cales se habilitarán os fondos necesarios para abonar as cantidades que correspondan segundo a normativa vixente.

Artigo 9.-Ausencia e substitución

En casos de ausencia ou de enfermidade e, en xeral, cando concorra algunha causa xustificada, os membros titulares do Consello poderán ser substituídos polos seus suplentes, que ostentarán os mesmos dereitos e obrigas.

TÍTULO III **DOS ÓRGANOS DO CONSELLO**

Artigo 10.- Órganos

Son Órganos do Consello:

- a) O presidente*
- b) O Vicepresidente*
- c) O Secretario*
- d) O Pleno*
- e) As Comisións de Traballo.*

Capítulo Primeiro **O Presidente**

Artigo 11.- Funcións

1º.- Son Funcións do Presidente:

- 1. Dirixir, promover e coordinar a actuación do Consello*
- 2. Ostentar a representación do Consello e exercer as accións que correspondan ó mesmo*
- 3. Convocar e presidir as sesións do Pleno, ditando as directrices xerais para o axeitado goberno do mesmo e moderando o desenvolvemento dos debates.*
- 4. Fixar a orde do día das sesións do Pleno tendo en conta as propostas e peticións formuladas polos seus membros, nos termos previstos no presente Regulamento.*
- 5. Visar as actas e dispoñer e velar polo exacto cumprimento dos acordos do Consello, así como asegurar a súa difusión.*
- 6. Solicitar, en nome do Consello, a colaboración que estime pertinente a institucións, autoridades, Organismos, Entidades asociación e particulares.*
- 7. Cumprir e facer cumprir o Regulamento, propoñendo ó Pleno a súa interpretación nos casos de dúbidas e omisións.*

2º.- O presidente poderá delegar algunha ou a totalidade das súas funcións no Vicepresidente.

Capítulo Segundo **O Vicepresidente**

Artigo 12.- Funcións

Corresponde ó Vicepresidente substituír ó Presidente no caso de vacante, ausencia ou enfermidade ou outra causa legal, así como o desempeño das funcións que o Presidente expresamente lle delegue

Capítulo terceiro **O Secretario**

Artigo 13.- Funcións

1º.- O Secretario é o órgano de asistencia técnica e administrativa do Consello , sendo as súas funcións:

- 1. Adoptar as medidas necesarias,no marco das súas atribucións, para a aplicación das liñas xerais de actuación do Consello, aprobadas polo Pleno.*
- 2. Tramitar e distribuír as consultas, demandas e propostas formuladas ó Consello, de acordo có previsto neste Regulamento.*
- 3. Solicitar consultas ou ditames externos, a proposta do Pleno ou das Comisións de Traballo.*
- 4. Requirir, en nome do Consello , información complementaria sobre os asuntos que, con carácter preceptivo ou facultativo,se lle sometan a consulta, sempre que dita información sexa necesaria para a emisión do ditame, informe ou estudio*
- 5. Pedir ó órgano demandante, no caso de que o asunto o requirise, e previa consulta ó Presidente, a ampliación do prazo fixado na orde de remisión o una solicitude da consulta.*
- 6. Elevar ó Presidente a proposta de fixación da orde do día das sesións do Pleno e a data da súa celebración, tendo en conta as peticións formuladas.*
- 7. Efectua-la convocatoria de sesión por Orde do Presidente.*
- 8. Levanta-las actas das sesións do Pleno, e dar o curso correspondente ós acordos que se adopten.*
- 9. Arquivar e custodia-la documentación do Consello, poñéndoa á disposición dos seus órganos e dos membros do Consello cando lle fose requirida.*
- 10. Expedir certificacións das actas, acordos, ditames, votos particulares e outros documentos confiados a súa custodia.*
- 11. Elaborar un informe anual das actividades desenvolvidas polo consello, de conformidade co disposto no Artigo 8º do Decreto 74/2006.*

2º.- A substitución excepcional do Secretario en supostos de vacante, ausencia ou enfermidade asumirase polo Vicepresidente.

Capítulo Cuarto
O Pleno

Artigo 14.- Composición

O Pleno do Consello estará integrado pola totalidade dos seus membros, baixo a dirección do Presidente e asistido polo Secretario.

Artigo 15.- Funcións.

- a) As que establece o Artigo 2º do Decreto 74/2006*
- b) Solicitar información complementaria sobre os asuntos que se lle sometan a consulta*
- c) Aproba-lo informe-memoria anual regulado no artigo 8 do Decreto 74/2006*
- d) Aproba-lo réxime de organización e funcionamento interno do Consello.*

Capítulo Quinto
As comisións de Traballo

Artigo 16.- Comisións de Traballo Permanentes.

Son Comisións de Traballo de carácter permanente todas aquelas cuxa creación sexa aprobada polo Pleno por maioría absoluta, relativas a aspectos sectoriais a importancia dos cales xustifique o seu carácter permanente.

Artigo 17.- Comisión de Traballo Específicas

Poderanse crear Comisións de Traballo específico, das cales a súa vixencia se manterá ata que cumpran o seu obxectivo.

Artigo 18.- Composición e constitución das Comisións de Traballo

- 1. A composición das Comisións de Traballo axustarase ó disposto no presente Regulamento ou na correspondente norma ou acordo do Pleno polo que se creen.*
- 2. As reunións das Comisións de Traballo poderán asistir, con voz e sen voto, previa proposta feita polos membros da Comisión de Traballo ó Presidente da Comisión, unha vez recibida a súa conformidade, persoas que non sexan membros do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, en razón do seu coñecemento dos temas a tratar e do interese que a súa participación teña no funcionamento da Comisión*

3. *En caso de ausencia dun membro dunha Comisión de alomenos dúas reunións inxustificadas, a Comisión de Traballo acordará a proposta ó Pleno da substitución do compoñente da Comisión de Traballo por outro membro do Consello*

TITULO IV **DO FUNCIONAMENTO DO CONSELLO**

Capítulo Primeiro **Pleno**

Artigo 19.- Das sesións

O Presidente do Consello, por propia iniciativa ou a proposta do Pleno, poderá invitar ás sesións do Pleno a persoas responsables das políticas sectoriais con incidencia significativa na sostibilidade que sexan obxecto de estudo ou análise, así como a funcionarios, representantes do sector privado ou expertos.

Artigo 20.- Convocatoria de sesións

- 1) *O Pleno celebrará sesións ordinarias polo menos unha vez cada seis meses, efectuándose a convocatoria cunha antelación mínima de quince días.*
- 2) *As sesións extraordinarias do Pleno poderán ser convocadas polo Presidente, cunha antelación mínima de setenta e dúas horas, en calquera dos seguintes supostos:*
 - a) *Por propia iniciativa.*
 - b) *Mediante solicitude dun terzo dos membros do Consello, dirixida ó Presidente, na que, ademais das sinaturas, consten os motivos que xustifican a convocatoria e o asunto a tratar. Neste caso, o prazo máximo para a súa celebración será de quince días.*
- 3) *Nas sesións ordinarias poderá ser obxecto de deliberación, ou , no seu caso de acordo, calquera asunto non incluído na orde do día, sempre que estea validamente constituído o Pleno e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.*

Artigo 21.- Quórum de constitución

Para a válida constitución do Pleno será necesaria a presenza do Presidente e do Secretario, ou persoas que os substitúan e, en calquera caso, a de polo menos dous terzos dos seus membros en primeira convocatoria; en segunda convocatoria, que será transcorrida media hora, bastará para a válida constitución , ademais do Presidente e Secretario , ou quen legalmente os substitúa , a asistencia da metade dos restantes membros.

Artigo 22.- Deliberacións

- 1. O presidente abrirá a sesión, dirixirá os debates e velará pola observancia do Regulamento . Estará auxiliado polo Vicepresidente.*
- 2. O Presidente, por propia iniciativa, poderá limitar o tempo de que dispoñen os oradores, antes de iniciar un debate ou durante o mesmo. O Presidente acordará o peche do debate*
- 3. O Pleno, a proposta do Presidente, poderá acordar a suspensión da sesión, fixando o momento no que se reanudara a mesma*
- 4. O Presidente, previo acordo do Pleno, poderá pospoñer calquera punto da orde do día para a próxima reunión do Pleno.*

Capítulo Segundo

Comisións de Traballo

Artigo 23.- Composición, sesións e quórum de constitución das Comisión de Traballo.

- 1. O Secretario do Consello impulsará unha composición das Comisións de Traballo que reflicta a pluralidade de intereses representados no Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible*
- 2. As Comisións de Traballo , na súa sesión constitutiva, determinarán as normas de convocatoria e funcionamento respectando, en todo caso, o que establece o presente Regulamento ou o acordo ou norma de creación dos mesmos*
- 3. As sesións das Comisión de Traballo serán convocadas polo seu Presidente e, para a súa válida constitución, será necesaria a presenza do mesmo, do Secretario da Comisión e da metade, polo menos, dos seus membros.*

Artigo 24.- Presidencia e Secretaría das Comisións de Traballo.

- 1. Entre os membros da Comisión de Traballo o Presidente do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, designará un Presidente e un Secretario de Comisión, especialmente cualificado por razón da materia, salvo o establecido, no seu caso, en normas específicas.*
- 2. O Presidente deberá organizar e dirixir as actividades da Comisión, presidir as sesións, ordenar e moderar os debates e trasladar as propostas correspondentes ó Secretario do Consello para coñecemento do Pleno*

3. *O Secretario da Comisión redactará as actas e informes e convocará as reunións a través do Secretario do Consello. Para a realización destas tarefas contará con persoal administrativo designado polo Presidente do Consello*

Capítulo Terceiro **Disposicións Xerais**

Artigo 25.- Votacións e adopción de acordos

No caso que no Consello sexan necesarios adopción de acordos se realizarán mediante votación que requirirán as seguintes normas:

- *Os acordos adoptaranse por maioría de votos, dirimindo os empates o Presidente mediante o seu voto de calidade.*
- *A votación será secreta se así o solicitan a metade máis un dos membros do Consello presentes.*

Artigo 26.- Votos particulares

1.- Os membros do Consello discrepantes, en todo ou en parte, do sentir da maioría poderán formular individual ou colectivamente consideracións particulares, que deberán quedar unidos ó texto da acta da sesión.

2.- As consideracións particulares terán que presentarse, ante o Secretario, nun prazo máximo de corenta e oito horas a contar dende o final da sesión.

Artigo 27.- Acta das sesións.

- I. De cada sesión levantarase polo Secretario un acta coas especificacións establecidas no Artigo 27 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, que será remitida a cada membro do Consello antes da convocatoria da sesión seguinte, na que deberá someterse a votación*
- II. A acta, na súa forma definitiva, será asinada polo Secretario co visto e praxe do Presidente.*

Artigo 28.- Informes e propostas.

Os pareceres do Pleno expresaranse baixo a denominación de informes ou propostas do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, coa sinatura do Secretario e o visto e praxe do Presidente

TITULO V
DA REFORMA DO REGULAMENTO

Artigo 29.- Reforma do regulamento

Calquera proposta de reforma do presente Regulamento deberá ser presentada ó Presidente do Consello para a súa elevación ó Pleno por, polo menos, un terzo dos membros do Consello. Presentada unha proposta de reforma, o Pleno decidirá, segundo o alcance e contido da mesma, ben somete-la a debate e votación en sesión plenaria, ben remiti-la a unha Comisión de Traballo que se creará especificamente para isto, coa composición que determine o propio Pleno.

As reformas do Regulamento deberán ser aprobadas por maioría absoluta dos membros do Consello e entenderanse incorporadas ó mesmo dende o momento da súa aprobación polo Pleno.